



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE ORDES 2023

I.- OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do Concurso de Disfraces do Entroido de Ordes 2023 que terá lugar o 25 de febreiro de 2023.

II.- FINANCIAMENTO

Os premios deste concurso por un importe máximo de 4405€ son patrocinados na súa totalidade por dúas entidades privadas: Reale Seguros e Jaime Castro. Asesoría – seguros.

III.- PARTICIPANTES. CATEGORÍAS.

Poderán participar no concurso todas as persoas interesadas, de forma individual ou en grupo, nas categorías seguintes:

CARROZA: Estrutura cunha superficie non superior a 7,00 m longo, 3,50 ancho e 4,00 alto, sen que exista límite de idade ou número para os seus integrantes.

En todo caso se a organización considera que aqueles/as que se apuntaran coma carroza non reúnen os requisitos, queda facultada para excluír do desfile ou cambiar a súa categoría.

COMPARSAS: Grupo integrado por máis de cinco compoñentes que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo sen motor para a megafonía).

- Adultos/as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

INDIVIDUAIS: ata un máximo de cinco persoas.

- Adultos/ as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

- O tempo máximo de cada actuación é de **3 minutos**.

- Nas categorías infantís, aínda que vaian acompañados de adultos, unicamente se valorará as persoas de ata 16 anos.

IV.- PREMIOS (NON SERÁN ACUMULATIVOS).

Os/as gañadores/as do concurso en cada unha das categorías e subcategorías obterán os premios seguintes:

INFANTIL INDIVIDUAL

- 1º premio: 100,00euros.
- 2º premio: 80,00 euros.
- 3º premio: 60,00 euros.

INFANTIL COMPARSA

- 1º premio: 225,00 euros.
- 2º premio: 175,00 euros.
- 3º premio: 135,00 euros:

INDIVIDUAL ADULTOS

- 1º premio: 170,00 euros.
- 2º premio: 120,00 euros.
- 3º premio: 90,00 euros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

COMPARSA ADULTOS

- 1º premio: 400,00 euros.
- 2º premio: 300,00 euros.
- 3º premio: 200,00 euros.

CARROZAS:

- 1º premio: 600,00 euros.
- 2º premio: 400,00 euros.

PREMIO SIMPATÍA: 150,00 euros.

PREMIO ESPECIAL DO CONCELLO DE ORDES Á MELLOR COMPARSA MUNICIPAL: 200,00 euros.

PREMIOS LOCAIS DO CONCELLO DE ORDES POR UN IMPORTE TOTAL DE 1000€: o xurado do concurso queda facultado para distribuír estes accésits segundo considere necesario e reservándose o dereito a declarar desertos os premios que considere oportuno por non acadar a calidade ou a participación suficiente.

V.- INSCRICIÓN

Prazo:

- Ata o 20 de febreiro inclusive, por Rexistro de entrada do Concello de Ordes. Deberá especificar o nome do disfrace, comparsa ou carroza, número de persoas que participan, se é infantil ou adulto/s, categoría na que participa, lugar de procedencia, persoa de contacto, un teléfono e correo electrónico. No caso das carrozas deberán indicar tamén as medidas desta, ancho, alto e longo.
- As persoas que queiran traer acompañamento musical o día do concurso, deberán indicalo na solicitude de inscrición e facer chegar obrigatoriamente nese mesmo prazo a música en formato MP3 ao correo: **informatica@ordes.gal**

VI.- ENTREGA DE DORSAIS

Todas as persoas participantes deberán recoller un dorsal o día de concurso das 15:30 a 16:30H na Avenida Alfonso Senra, á altura co cruce da rúa Casabella na mesa habilitada pola organización a tal efecto.

Posteriormente, ás 17:00 H desfilarase polo pobo. Será obrigatorio participar no desfile para poder participar no concurso.

VII.- XURADO

O concurso de disfraces será resolto por un xurado integrado por 3 membros designados polo Alcalde-Presidente.

Actuará como Secretario o técnico de cultura do Concello de Ordes.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes:

- A orixinalidade e vistosidade no disfrace elixido.
- O esforzo no traballo realizado.
- A posta en escena cunha duración máxima de 3 minutos.
- A montaxe, a elaboración e os materiais empregados.
- O humor...

O persoal da organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde, a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

Ante condicións climatolóxicas adversas a organización comunicará telefonicamente a todas as persoas participantes o cambio de localización do concurso para as instalación do pavillón Castelao 1.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

VII.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A resolución do concurso realizarase tras unha reunión previa do xurado o día 25 de febreiro de 2023 e a valoración dos/das participantes en cada unha das categorías, reflectíndose o resultado nunha acta levantada para o efecto.

VIII.- ENTREGA DE PREMIOS

Finalizado o concurso entregarase un diploma a cada un/unha dos/das gañadores/as, ingresándose o premio en metálico na conta bancaria sinalada polo gañador/a.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Ordes, na data da sinatura dixital.
O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO I

ENTROIDO 2023 CONCELLO DE ORDES. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

- NOME E APELIDOS _____
DNI _____, ENDEREZO _____
LOCALIDADE _____ C.P. _____, TLFN _____
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____
NÚMERO DE CONTA (IBAN) _____

NO SEU PROPIO NOME/EN REPRESENTACIÓN DE _____
(INDICAR NOME DA ASOCIACIÓN, CARROZA, COMPARSA OU GRUPO DE
PERSOAS).

NOME E TEMA DO DISFRAZ/CARROZA/COMPARSA/GRUPO

SOLICITA PARTICIPAR NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE ORDES O
DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2023, CUXAS BASES REGULADORAS ACEPTA NA SÚA
INTEGRIDADE, NA CATEGORÍA DE

CARROZAS COMPARSAS INDIVIDUAL

NA SUBCATEGORÍA

INFANTIL ADULTO

SENDO _____ O NÚMERO DE PERSOAS QUE PARTICIPAN

MÚSICA PROPIA (Deberá ser enviada a: informatica@ordes.gal antes do 20 de
febreiro.)

A CUBRIR POLO PAI/NAI/REPRESENTANTE LEGAL NO CASO DE QUE O PARTICIPANTE SEXA MENOR

Eu _____, con DNI _____
e enderezo a efectos de notificacións en _____,
localidade _____, CP _____, e teléfono _____

AUTORIZO ao meu/miña fillo/a _____ a
participar no concurso de entroido organizado polo Concello de Ordes e asumo as
consecuencias legais e económicas que poida ter.

En _____ a _____ de _____ de 2023

Asdo. _____



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ANEXO II

ENTROIDO 2023 CONCELLO DE ORDES. AUTORIZACIÓN AO REPRESENTANTE LEGAL
(Unicamente no caso de que non sexa una Asociación con NIF propio)

<u>NÚMERO</u>	<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>DNI</u>	<u>SINATURA</u>

Cada un dos compoñentes asina o presente documento autorizando ó Representante Legal da Agrupación denominada _____,
Don/a _____ con D.N.I. _____,
a percibir en nome de tódolos compoñentes a parte proporcional que lle correspondería a cada un, en caso de obter un premio no Concurso de Disfraces de Entroido do Concello de Ordes para o ano 2023, no seguinte número de conta _____

CVD: vwluHHW198afGgc4HeQ/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.